



Proxecto de Educación Ambiental CAMBIO CLIMÁTICO

ENTRADA DE ENERXÍA


O Sol



Emite radiacións

Menor lonxitude de onda

Maior lonxitude de onda




Ultravioleta

Son radiacións moi enerxéticas e perigosas.

Infravermella


Son radiacións caloríficas e non visibles.

Parte da calor que emite a Terra como consecuencia da absorción do conxunto da radiación solar queda retida polos gases invernadoiro, determinando a temperatura da Terra, que é o principal elemento do clima.



Quen determina o clima?

REGULACIÓN: FONTES E SUMIDOIROS DE CO₂




Os gases invernadoiro actúan na atmosfera como o vidro do teito dun invernadoiro. Entre os gases invernadoiro destaca o dióxido de carbono (CO₂).

Algunhas fontes naturais de gases invernadoiro: A respiración e descomposición de animais e vexetais, así como os incendios naturais, producen CO₂.

No outono, as follas caen e descompoñense, aumentando o CO₂ na atmosfera, e na primavera aparecen follas que fan a fotosíntese, que retira CO₂.

As gráficas sobre a concentración de CO₂ na atmosfera, mostran unha forma característica de "dentes de serra". Isto é debido a esa diferenza de concentración entre o outono e a primavera.




Sumidoiros naturais de CO₂

Os bosques

Os bosques xuvenís actúan como sumidoiros: absorben máis CO₂ do que emiten.

Na súa madurez, a emisión e a absorción de CO₂ están en equilibrio.

Cando se van facendo vellos, e coa desforestación e os incendios, a súa capacidade para absorber CO₂ redúcese.



Os océanos

Parte do CO₂ da atmosfera reacciona coas rochas que teñen silicatos de calcio, o que dá lugar a bicarbonatos que chegan ao mar disoltos nas augas continentais. Aíí incorpóranse aos seres vivos en estruturas como as conchas. Os seres vivos sedimentan e retiran carbono da circulación.

RESPONDE:
Por que cando entramos nun coche un día soleiro e frío de inverno temos que desabrigarnos?
E unha selva un sumidoiro de dióxido de carbono?
Por que se di que os efectos do cambio climático serían máis importantes se non fose polos océanos?